# Lingua de Namorar

**Secretaría Xeral de Política Lingüística**
**Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado**
**2020**

XUNTA DE GALICIA

## LINGUA DE NAMORAR

As consellerías de Cultura e Turismo e de Política Social, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, respectivamente, convocan Lingua de namorar, un concurso en liña de mensaxes de amor en galego dirixido á mocidade.

## Obxectivos

Dinamizar o uso da lingua galega entre as mozas e mozos nas súas relacións persoais e nas tecnoloxías da información e da comunicación, nomeadamente, na Internet e na mensaxería instantánea.

Incrementar a percepción do galego como unha lingua que é útil para os momentos de lecer e de diversión.

## Características das mensaxes

As mensaxes de amor deberán estar escritas en lingua galega e poderanse redactar en prosa ou en verso. A extensión máxima da mensaxe será de 350 caracteres, incluídos os espazos en branco.

Cada participante poderá enviar un máximo de dúas mensaxes ao concurso.

## Criterios de valoración

Teranse en conta o grao de elaboración da mensaxe, a orixinalidade e a calidade da lingua. Todas as mensaxes deberán ser inéditas.

A organización do concurso desbotará aquelas mensaxes de carácter discriminatorio ou ofensivo.

## Persoas destinatarias e categorías

Lingua de namorar é un concurso dirixido a toda a mocidade con idades comprendidas entre os 14 e os 35 anos.

Establécense dúas categorías de idade:

- Categoría A: de 14 a 19 anos
- Categoría B: de 20 a 35 anos

## Premios

Establécense tres premios por cada unha das categorías de idade:

- 1º Bicicleta pregable NILOX X2 Plus Motor 250w Roda 16” Autonomía 25 km
- 2º Tablet LENOVO ZA470057SE. 10,1” - 2/32 XB – Cámaras frontal e traseira
- 3º Cámara deportiva SUNSTECH Adrenaline. Vídeo 4K/30FPS. 16 Mp wi-fi

## Procedemento de participación

Para poder enviar as mensaxes cumprirá rexistrarse na páxina do concurso: http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar para o que se deberá cubrir un formulario de inscrición.

Todas as mensaxes serán publicadas na páxina do concurso e estarán identificadas polo título e mais polo número que se lles asigne. As mensaxes gañadoras serán as únicas que se identifiquen co nome e apelidos das autoras e autores.

## Prazo de presentación

A data límite para enviar as mensaxes é o 9 de marzo.

## Votación

Unha vez rematado o prazo para enviar as mensaxes, abrirase un período para votar que abarcará do 10 ao 13 de marzo.

As persoas que queiran participar só como votantes tamén se deberán rexistrar na páxina do concurso. Cada usuario/a poderá votar por un máximo de tres mensaxes en cada unha das categorías de idade.

## Xurado

O xurado do concurso estará conformado por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística, un representante da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, un representante da Rede de Dinamización Lingüística, un representante da Rede Galega de Información Xuvenil e unha escritora ou escritor recoñecido en lingua galega, ademais de Hugo Lozano e Nerea Pallares, gañadores do 1º Premio Xuventude Crea 2019 de Poesía e Relato Breve, respectivamente.

## Resolución

O xurado do concurso reunirase unha vez rematado o prazo de votación e elixirá as declaracións gañadoras de entre as 50 mensaxes máis votadas polos usuarios e usuarias en cada unha das modalidades e categorías de idade. A listaxe cos nomes das persoas gañadoras publicarase o 23 de marzo na páxina web:
http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar

## Entrega de premios

No mes de abril terá lugar a entrega de premios.

## Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a plena aceptación destas bases. A organización resérvase o dereito de modificar e interpretar as bases deste concurso sempre e cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento.